

Variabilidade das ocupacións paleolíticas na cunca media do Miño

Paleolithic settlement variability at the Middle Miño Basin

FÁBREGAS VALCARCE, R.^a; ALONSO FERNÁNDEZ, S.^b; AMEIJENDA IGLESIAS, A.^{a,b}; FERNÁNDEZ MARCHENA, J.^a; GRANDAL D'ANGLADE, A.^c; LAZUÉN FERNÁNDEZ, T.^d; DE LOMBERA HERMIDA, A.^{b,a}; PÉREZ RAMA, M.^c; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X.P.^b; VAQUERO RODRÍGUEZ, M.^b; E VEIGA MOARES, A.^a

a) Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN). Dpto de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela. Praza da Universidade, nº 1, CP: 15782. Santiago de Compostela.

b) Institut Catalá de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES). Área de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili. Av. Catalunya, 35, Tarragona 43002, Spain.

c) Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal". Universidade da Coruña.

d) Dpto. de Ciencias Históricas, Universidad de Cantabria.

e) Departamento de Ciencias Históricas. Universidad de Cantabria.

Recibido o 30 de Novembro de 2010

Aceptado o 2 de Febreiro de 2011

RESUMO

Os traballos levados a cabo na cunca media do Miño están a ofrecer unha ampla secuencia de ocupacións tanto en xacementos ó aire libre (Monforte de Lemos) coma en cavidades cársticas (Cova Eirós e Cova de Valdavara). Estas ocupacións non só abranguen un marco cronolóxico que vai dende o Pleistoceno medio ata o Holoceno inicial, senón que amosan a variabilidade de actividades e comportamentos dos homínidos do Pleistoceno do NW peninsular.

Palabras chave:

Pleistoceno medio, Pleistoceno superior, patróns de asentamento, materias primas, traceoloxía, paleontoloxía.

ABSTRACT

Abstract: Archaeological works carried out at the Middle Miño Basin are yielding a wide sequence of Palaeolithic settlements either from open air sites (as Monforte de Lemos) or karstic systems (Cova Eirós and Valdavara). These sites range from the Middle Pleistocene to the initial stages of the Holocene showing the variability of activities and behavioural strategies of the Pleistocene hominids on NW Iberia.

Keywords:

Middle Pleistocene, Upper Pleistocene, settlement patterns, raw material, Use-wear analysis, Palaeontology.

INTRODUCCIÓN

Grazas ós diferentes traballos de prospección, sondaxes e escavacións arqueolóxicas levadas a cabo nos xacementos paleolíticos dende o ano 2006 co proxecto de investigación “*Ocupacións humanas durante o Pleistoceno da cunca media do Miño*”, temos recuperado unha grande cantidade de información sobre os modelos de ocupación, evolución tecnolóxica, estratexias de abastecemento e xestión das materias primas das comunidades de cazadores recolectores do Pleistoceno medio e superior da parte oriental de Galicia.

Se ben os traballos nas cavidades cársticas proseguirán durante os próximos anos, as intervencións nos xacementos ó aire libre da Depresión de Monforte de Lemos concluíron neste ano coas prospeccións do sector leste da bacia, completando, deste xeito, o mapa da distribución das estacións paleolíticas. Este traballo, o primeiro levado a cabo nunha área xeomorfolóxica concreta e cun enfoque diacrónico e pluridisciplinar, permitirá obter unha grande cantidade de información sobre a evolución na xestión dos recursos abióticos, tecnoloxía, mobilidade e patróns de asentamento dende o Pleistoceno medio ata os momentos finais do Pleistoceno superior. Á súa vez, as

características morfolóxicas dos conxuntos permiten equiparalos ós xacementos do Pleistoceno medio e superior da Meseta, Norte de Portugal e Cornixa Cantábrica, facilitando, deste xeito, o estudo das primeiras ocupacións do Noroeste peninsular.

As escavacións nas cavidades continúan ofrecendo unha grande cantidade de resultados en liña cos traballos de anos anteriores. Ademais de consolidar estas investigacións, están aparecendo novos niveis (Nivel 4 de Cova Eirós, nivel D de Valdavara 1/2) ou xacementos (Valdavara 3) con evidencias de ocupacións máis antigas que cando menos poderían remontarse á transición Pleistoceno medio/superior. Este feito amosa o grande potencial que ofrecen os estudos das cavidades cársticas no NW peninsular que permiten paliar as deficiencias e condicionantes propios dos xacementos ó aire libre.

AS PROSPECCIÓNS DA DEPRESIÓN DE MONFORTE DE LEMOS.

Na campaña do ano 2010 as actividades desenvolvidas na depresión de Monforte de Lemos centráronse na prospección superficial do sector leste da bacia, completando, deste xeito, os traballos levados a cabo dende o ano 2006. Unha vez realizada a revisión da totalidade da bacia, tendo en conta ós condicionantes inherentes ás prospeccións arqueolóxicas (accesibilidade, visibilidade, etc.), é cando podemos dispor dunha grande cantidade de información que nos permitirá obter unha visión integral da intensidade e repartición espacial das ocupacións paleolíticas na Depresión de Monforte de Lemos e afondar no estudo dos patróns de asentamento, na súa vinculación ós diferentes niveis fluviais, ós cursos de augas e rutas naturais que cruzan a Depresión. Aspectos que serán desenvolvidos con máis profundidade en futuros traballos.

A parte oriental da bacia presenta unhas características ben definidas que a diferencian do resto de sectores xa que a extensión das superficies cuaternarias é moito máis reducida e atópanse ligadas, principalmente, ós niveis a menor altitude sobre o fondo de val actual. Pola contra, a presenza de abanos aluviais e de localizacións en ladeiras increméntase. Finalmente, a importancia desta área radica no seu valor estratéxico xa que se supón que é a zona de comunicación directa co val do Sil,

unha das principais arterias de comunicación coa Meseta e as zonas montañosas do Courel. O sector oriental limita coa parte SE da Depresión de “Somoza a Maior” (Pobra de Brollón), subconca da mesma formación terciaria que Monforte, dando paso ó tramo baixo do río Lor que baixa dende a Serra do Courel encamiñado cara o val do Sil, o cal, neste tramo e cara o leste, discorre nun amplo val que vai comunicando as depresións terciarias de Quiroga, a Rúa e o Barco de Valdeorras ata chegar á Depresión de Ponferrada. Consecuentemente, polo sector leste de Monforte penetra a vía de comunicación natural dende a Meseta e de alí pode desviarse cara a outros lugares como as penechairs do interior galego, o val do Miño ou xirar ó norte, cara a costa cantábrica, seguindo o corredor formado polas depresións de hinterland (Sarria, etc.) (Santanach 1994). Deste xeito a depresión de Monforte semella actuar como vía de acceso dende a Meseta occidental e nodo de comunicacións cara outras zonas do NW.

A área de traballo das prospeccións de 2010 ocupa as freguesías de Ribasaltas, Reigada, Sta María do Monte, Necedas, Chavaga e Canela. Esta zona delimitase ó leste polo Anticlinal Ollo de Sapo, un afloramento transversal de materiais Paleozoicos, Serra do Moncai e Serra de Cubas, xeoloxicamente coñecido como o Dominio Ollo de Sapo que separa a subconca de Monforte de Lemos s.s. da subconca nororiental, chamada subconca de Bóveda-Brollón ou Somoza Maior de Lemos. Ó noroeste o límite márcalo o propio río Cabe dende que atravesa o Anticlinal de Vilachá entre os montes Cornado e Valverde ó norte, ate despois do seu paso pola cidade ó oeste.

A pesares dalgún coto paleozoico como o Castelo Grande, o Pedrouzo de Reigada ou o Pedrouzo de Mourellos, nesta área da depresión a altitude media apenas supera os 300 m.s.n.m., é dicir que se non se eleva moito sobre o curso do río Cabe. Isto supón que o terreo que delimita o río é relativamente novo. Xeomorfoloxicamente isto refléxase na existencia de dous niveis de terrazas fluviais na beira dereita do río, correlacionables con outros tantos niveis de aterrazamento definidos na beira esquerda do Cabe e nos que xa temos atopado xacementos paleolíticos en intervencións anteriores. O resto do terreo deste sector é xeomorfoloxicamente

unha chaira aluvial enchida de sedimentos cuaternarios, salvo por algún afloramento de materiais terciarios. Esta chaira pérdese no contacto dos grandes pedimentos e abanos aluviais que descenden dos afloramentos paleozoicos que limitan a depresión polo sur.

A zona de traballo é un amplo sector da Depresión terciaria (2400 ha) onde atopamos moitas estacións paleolíticas, acadando ás 28 localizacións. Se ben o número supera ó de outros sectores, coma o SW por exemplo, a densidade de materiais atopados nelas é moito menor domi-

nando os achados illados de menos de 5 pezas talladas. Tamén debemos ter en conta a escasa superficie prospectable das terras que, ás veces, impiden a recolleita dun maior número de exemplares. Algunhas das dispersións ofrecen unha maior cantidade de artefactos, ás veces posibilitando unha adscripción tecnocultural das mesmas, e superando a vintena de artefactos (Táboa 1). Debemos salientar que, ó igual que nos anos anteriores, non foron recuperados fragmentos cerámicos asociados ós líticos.

Táboa 1: Relación das categorías estruturais e xacementos da Depresión de Monforte de Lemos.

Nº	Xacemento	Tipo	Modo Técnico	Percutor	Núcleos	Úteis configurados			Produtos de talla			
				Bnb	BN1XE	BN2XE	BN1XC	BN2XC	FBN2X	BP	BPF	FBP
1	<i>A Fonte</i>	Achado	Indet							3		
%										100		
2	<i>A Regueira</i>	Dispersión	Modo 2		1		1	3		8	1	
%					7,14		7,14	21,43		57,14	7,14	
3	<i>A Riba</i>	Achado	Indet							1		
%										100		
4	<i>A Seara</i>	Achado	Indet		1					1		
%					50					50		
5	<i>Agra de Freixo</i>	Achado	Modo 4	1					1	2		
%				25,00					25,00	50,00		
6	<i>As Pedras</i>	Dispersión	Indet		1	1				3		1
%					16,7	16,7				50		16,7
7	<i>Caneda</i>	Dispersión	Indet					3		4		1
%								37,50		50,00		12,50
8	<i>Casa do Penedo</i>	Achado	Indet							1		
%										100		
9	<i>Castelo Grande N</i>	Achado	Indet							5		
%										100		
10	<i>Eiras do Monte-I</i>	Achado	Indet					1				
%								100				
11	<i>Mazairo-I</i>	Achado	Indet							1	4	
%										20,00	80,00	
12	<i>Mazairo-II</i>	Achado	Indet							3		
%										100		
13	<i>Nabalbón-I</i>	Achado	Indet		2			2				
%					50			50				
14	<i>Nabalbón-II</i>	Achado	Indet					1		1	1	
%								33,33		33,3	33,33	
15	<i>O Bao-I</i>	Dispersión	Modo 3		1			1		8	2	
%					8,33			8,33		66,67	16,67	
16	<i>O Bao-II</i>	Achado	Modo 2					2		1	2	
%								40		20	40	
17	<i>O Mato</i>	Achado	Indet					2		1	1	
%								50		25	25	
18	<i>O Regueiral-III</i>	Dispersión	Modo 3					2		5		
%								28,57		71,43		
19	<i>O Rosal -I</i>	Achado	Indet							1		
%										100		
20	<i>O Rosal -II</i>	Achado	Indet					1		2		
%								33,33		66,7		
21	<i>O Salgueiredo-I</i>	Achado	Modo 2					1		1		
%								50		50		
22	<i>Pedrouzo de Mourelas</i>	Dispersión	Modo 4					4		6	1	
%								36,36		54,55	9,09	
23	<i>Reigada-I</i>	Achado	Indet							1		
%										100		
24	<i>Reigada-II</i>	Achado	Indet							1		
%										100		
25	<i>Reigada-III</i>	Achado	Indet			1				1		
%						50				50		
26	<i>Ribasaltas-I</i>	Achado	Indet							2		
%										100		
27	<i>Sobrado</i>	Dispersión	Modo 3					1		11		
%								8,33		91,67		
28	<i>Susao</i>	Xacemento	Modo 3		2			1		16	2	
%					9,52			4,76		76,19	9,52	
	TOTAL			1	8	2	1	25	1	90	14	2
%				0,69	5,56	1,39	0,69	17,36	0,69	62,50	9,72	1,39

Se atendemos á distribución espacial dos achados vemos como se localizan preferentemente nas marxes da bacía. Os achados, agás nas parroquias de Gullade, Sta María do Monte e Reigada, non se relacionan directamente coas grandes superficies de erosión cuaternarias senón con superficies que se atopan sobre substrato terciario ou en contextos de vertentes ou abanos aluviais. O baleiro que atopamos no centro da depresión pódese explicar pola situación do núcleo urbano monfortino e o feito de que se trata de zonas xeomorfoloxicamente máis recentes, algunhas delas asimilables á actual chaira aluvial.

As dispersións das parroquias de Gullade e Sta María do Monte (A Fonte, Sobrado, As Pedras, O Rosal I e II, etc.) aséntanse directamente sobre os pedimentos do sur da bacía, caracterizados por presentar unha escasa inclinación cara ó norte e formados por unha fina película de cantos subangulosos e angulosos de seixo e

cuarcita duns 5-10 cm, que non presentan ordenación ningunha na súa estratificación. As dispersións de O Bao e de Nabalbón I-II atópanse nunha situación asimilable ás anteriores, asociadas a niveis de cantos subangulosos e angulosos de cuarcita e seixo. Nas parroquias de Reigada e Ribasaltas (con grandes superficies dedicadas a pastos ou forestal, que dificultaron a súa revisión) foron localizadas algunhas dispersións de artefactos asociados ou ben a superficies moi próximas á chaira de asolagamento actual, ou ben a niveis de terrazas fluviais (Ribasaltas, A Seara). Outros xacementos sitúanse en lugares elevados sobre o fondo de val en abanos aluviais (Susao) ou depósitos de vertente (Salgueiredo, Casa do Penedo).

Os xacementos máis importantes atopámoslos nas parroquias de Caneda, Canaval e A Regueira, sempre asociados a pequenas dispersións na súa contorna (Figura 1). Na parroquia de Santa María do Monte atopamos os lugares




Figura 1: Localizacións dos xacementos da Depresión de Monforte de Lemos citados no texto. 1. Caneda; 2. O Bao I-II; 3. Susao; 4. Salgueiredo e A Regueira; 5. Pedrouzos de Mourelas; 6. Agra de Freixo. En vermello: mostras xeolóxicas das cuarcitas: A (GEO-A, B,C); D (GEO-D); J (GEO-J), R (GEO-R). As dispersións con maiores densidades están marcadas en negro, en branco os que presentan menores densidades.




Figura 2: Industria lítica dos xacementos de O Bao-I (1-4) e Agra do Freixo (5-6).

de A Fonte e O Sobrado. Neste último punto foron recuperados unha dúzia de artefactos nunha superficie reducida. No conxunto, realizado sobre seixo de boa calidade (83%), dominan case que exclusivamente os produtos de talla (BP) con talóns bifacetados. Se ben non dispoñemos de elementos moi diagnósticos que nos permitan discernir as estratexias de explotación e configuración, o pequeno formato dos artefactos (34x38x13 mm), a presenza de produtos discoidais e predeterminantes, así como a selección na calidade dos seixos indican certas similitudes cos xacementos adscritos ó Modo 3 da Depresión Monfortina.

O xacemento de Susao, situado no SE, presenta unha maior densidade de artefactos. Atópase sobre un abano aluvial a uns 360 metros de altitude. Neste lugar foron recuperados numerosos artefactos, destacando a maior representación da cuarcita e cuarcita de grao fino sobre o seixo (33,3%). Os artefactos son de pequeno formato (33x34x13 mm) e en canto ás categorías estruturais sobresaen os produtos de talla (BP e BPF: 85,5%). Nas BN1XE destaca a presenza dun núcleo bipolar sobre seixo e outro en cuarcita explotado de maneira ortogonal, en consonancia os talóns dos produtos son unifacetados (70%). Só foi recuperada unha pequena raedeira en seixo. O conxunto non presenta elementos diagnósticos de cara

a precisar unha adscripción cronocultural aínda que, de novo, existen certos aspectos como a selección de soportes de boa calidade no seixo e na cuarcita de grao fino, a porcentaxe de talóns bifacetados e multifacetados (29% entre ambos) e a ausencia de grandes configurados coma bifaces que o asemellan ós xacementos do Modo 3 monfortino.

No extremo leste da depresión destacan as concentracións de puntos nas parroquias de Caneda (O Bao I-II e Nabalbón I-II) e A Regueira. A zona do Bao ábrese nunha unha ampla superficie, dunhas 360 Ha, da que os puntos de Nabalbón forman parte, que se atopa ó leste da depresión na confluencia dos regueiros de Torbido e o das Veigas. Nos arredores do lugar de O Bao foron atopadas dúas dispersións de artefactos. Os conxuntos caracterízanse por presentar un maior formato dos artefactos (vg 74x48x18 mm en O Bao-II) e unha maior importancia das cuarcitas sobre o seixo, entre o 74% e o 80% respectivamente. Porén existe certa heteroxeneidade entre as dúas dispersións. Se ben no Bao-II aparece un bifaz en cuarcita, no Bao-I atopamos certos elementos propios de sistemas de explotacións discoidais (BP) e certa xerarquización na explotación dos núcleos centrípetos. Estes factores, observados noutros lugares da depresión, poderían indicarnos a presenza de dous momentos di-

ferentes nas dúas estacións (a primeira Modo 2 e a segunda Modo 3), ou ben responder a factores de variabilidade tecnolóxica ou funcional. A exiguüidade do conxunto non permite realizar aseveracións de maior calado.

O lugar de A Regueira atópase nunha superficie achairada que presenta numerosos cantos redondeados e subredondeados de cuarcita e seixo, cunhas dimensións superiores ós 150 mm, o que fai pensar na posible orixe fluvial deste depósito. A inexistencia de cortes estratigráficos próximos impídenos acadar maiores conclusións sobre as súas condicións deposicionais. O conxunto posúe certas características que o diferencian dos anteriores. En primeiro lugar destaca o maior formato dos artefactos (57x48x21 mm), xeralmente

realizados en cuarcita (41,8%). Dominan os produtos de talla no conxunto (64%) aínda que destaca a presenza dun bifaz sobre canto (BN1XC), un denticulado sobre seixo e dúas raedeiras en cuarcita. En canto ós núcleos e produtos de talla atopamos produtos e núcleos centrípetos a maioría con talóns unifacetados ou corticais, mentres que algúns deles presentan talóns multifacetados. Por tales características o conxunto lítico de A Regueira pode ser adscrito ó Modo 2.

En torno ás principais dispersións atopamos outras secundarias cunha menor cantidade de materiais (Mazairo, O Mato, O Rosal, As Pedras), algunha con bifaces (O Salgueiredo), que inciden na reiteración de actividades, puntuais ou non, nestas áreas concretas da depresión. O




Figura 3: Industria lítica dos xacementos de A Regueira (1-5) e Pedrouzos de Mourelos (6-7).

escaso número de artefactos relacionados con estas dispersións non permite acadar maior información sobre elas máis aló da espacial.

Finalmente, na campaña deste ano foron descubertas novas estacións que polas características dos seus conxuntos poderían ser adscritas ó Modo 4. En primeiro lugar, fronte á dicotomía entre cuarcita e seixo presente nas estacións do Modo 2 e 3, nos xacementos adscritos ó Modo 4 da depresión de Monforte (de Lombera *et al.*, 2008) obsérvase unha ampliación da variabilidade de materias primas coa introdución do cristal de rocha e materiais de carácter máis exótico coma o sílex, a arxilite, ou mesmo a hematite, caso do percutor de Agra de Freixo. En segundo lugar, o formato das industrias é moito menor e identifícase unha maior estandarización dos retocados con tipos propios do Paleolítico superior (elementos de dorso, perforadores, burís, etc.).

No xacemento de Agra de Freixo, situado ós pés da Serra do Moncái xusto na saída do río Cabe do seu tramo encaixado do Monte Cornado, foi recuperado un fragmento de lámina en sílex e un percutor en hematite xunto a outros elementos líticos. Na dispersión non se localizaron cerámicas. O seu emprazamento preto de Valverde, o espectro de materias primas e a presenza dun fragmento de lámina en sílex indican a súa adscripción ó Modo 4.

O lugar de Pedrouzos de Mourellos atópase na parroquia de Reigada, ós pés do cerro do mesmo nome onde foron recuperados 11 artefactos, a maioría deles en seixo (72.7%). No conxunto dominan os produtos de talla (63%) aínda que destaca a presenza de catro obxectos retocados sobre lasca (BN2XC). A industria é de pequeno formato (29x26x9 mm) o que unido á presenza de cristal de rocha e tipos propios do Paleolítico superior (furador) podería apuntar cara unha adscripción deste conxunto ó Modo 4.

As prospeccións da presente campaña contribuíron a completar o mapa do poboamento Paleolítico da depresión de Monforte de Lemos. De novo nos atopamos ante ocupacións que se poden adscribir a diferentes momentos do Paleolítico e que complementan ás achadas noutros lugares. Se ben o número de estacións é maior (n=28) a densidade de artefactos e dispersións é moito menor que a contrastada noutros sectores da bacia. Botando unha ollada

á distribución dos xacementos paleolíticos na Depresión de Monforte vemos como en primeiro lugar destaca unha maior concentración de estacións no sector norte da actual canle do Cabe, mentres que no sector sur a súa distribución é moito menor. Por outra banda, os lugares que presentan unha maior densidade de artefactos atópanse directamente relacionados ás superficies fluviais deste sector (terrazas fluviais), mentres que nas marxes da bacia (vertentes, pedimentos ou outeiros) a súa presenza é discreta (Figura 1).

Admitindo a sincronía destes niveis fluviais coas ocupacións que se atopan na súa superficie vemos como a distribución nos indica unha localización preferencial dos asentamentos nas inmediacións da canle principal do Paleocabe, remarcando a importancia que teñen os cursos de auga nos modelos de ocupación do territorio das comunidades pleistocenas, como se ten testemuñado noutros lugares da Península Ibérica (Baena, 1992; Santonja, 1996; Santonja & Pérez, 2000-2001). O río actuaría como delimitador do eixo principal de tránsito pola bacia en sentido NE-SW, ademais de exercer como foco de atracción de biomasa de tal xeito que as comunidades de cazadores recolectores non só acudirían para abastecerse de auga, senón que tamén para a obtención e procesado de recursos cárnicos. Igualmente, sería un lugar de abastecemento de materia prima (cantos rodados de cuarcita) para a fabricación de ferramentas mentres que nos lugares máis periféricos da depresión os soportes líticos dominantes serían os fragmentos de seixos e cuarcitas asociados ós abanos aluviais.

A distribución dos asentamentos adscritos ó Modo 2 e 3 é moi similar, indicando unha continuidade nos patróns de ocupación do territorio, se ben os asentamentos do Modo 3 semellan ter unha maior importancia nas marxes externas da bacia, en lugares lixeiramente máis elevados que ós do Modo 2. Nembargantes, as estacións do Paleolítico superior responden a outro patrón de localización, ao escollerem lugares elevados que controlan visualmente as principais rutas de entrada e tránsito da Depresión (Valverde, Pedrouzos de Mourellos, Costa Grande) (Rodríguez *et al.*, 2008), patrón observable noutros xacementos deste período (López Cordeiro, 2002). Este criterio estratéxico non é exclusivo dos xacementos deste

período, xa que no corredor que comunica a Depresión de Monforte coa Depresión de So-moza a Maior, entre os Montes de Valverde (parroquias de Ribasaltas e Valverde) e a Serra de Pedrouzos (parroquia de Chao Fabeiro e O Regueiral), obsérvase unha concentración importante de asentamentos adscritos a diferentes períodos (O Regueiral I-II-III, Outeiriño, Valverde, Áspera) que subliña a importancia no control da mobilidade polo territorio das greas de herbívoros.

O estudo pormenorizado dos diferentes modelos de localización das estacións paleolíticas, dos seus conxuntos líticos e do seu contexto xeomorfolóxico no entorno da Depresión de Monforte de Lemos permitirá obter unha visión global sobre a evolución dos patróns de asentamento así como da mobilidade e modelos de explotación do territorio das comunidades do Pleistoceno do interior de Galicia.

O XACEMENTO DE VALVERDE.

Ó Noroeste da cidade de Monforte de Lemos, formando parte do conxunto de superficies Precámbricas e Paleozoicas que compoñen a Serra de Moncái atópase o monte Valverde, onde se localiza un dos principais xacementos da Depresión de Monforte (Rodríguez *et al.*, 2008). Situado nun rechán a media ladeira do monte, a 385 m.s.n.m., este xacemento do Paleolítico Superior é un enclave estratéxico xa que domina visualmente toda a bacía e controla a principal vía de paso entre a depresión de Bóveda-Brollón e a de Monforte de Lemos s.s. O estudo tecnopolítico do seu conxunto lítico, así como a presenza de puntas foliáceas descubertas recentemente recalcan a súa similitude con conxuntos do Paleolítico superior avanzado como de Olga Grande-4 en Foz Côa (Aubry, 1998) ou Las Caldas, o que podería incidir no seu carácter solutrense aínda que debemos ser cautos na súa atribución á espera de estudos en maior profundidade sobre o conxunto lítico (Fábregas & de Lombera, 2010).

A súa situación privilexiada, así como a abundante cantidade de material arqueolóxico recuperado fainos supoñer unha importante ocupación humana neste punto a finais do paleolítico. Este é un xacemento que se caracteriza pola súa grande riqueza en materias

primas e pola selección de minerais de maior calidade, a diferenza dos outros asentamentos da zona. O seixo é a materia prima máis utilizada (40%), seguido da cuarcita de grao fino (24%), a cuarcita de grao máis groso (14,7%), o cristal de rocha (14,7 %) e o sílex (6,7 %) (Rodríguez *et al.*, 2008). Durante este ano comezáronse unha serie de estudos centrados na localización das fontes de aprovisionamento das materias primas de Valverde, dada a súa particularidade. Por outra banda, iniciouse a análise de trazas de uso sobre este material, dadas as excelentes condicións de conservación das pezas. Os resultados que aquí se presentan teñen un carácter preliminar aínda que aportan certas hipóteses de partida interesantes de cara a pescudar os comportamentos das comunidades do Paleolítico Superior en Monforte así como, dados o seu carácter positivo, extrapolar esta metodoloxía ó estudo doutros xacementos galegos.

Centramos o noso interese no estudio das cuarcitas de Valverde. A metodoloxía empregada pasou por unha primeira análise macroscópica de tódalas mostras seleccionadas, seguida da súa observación á lupa binocular coa que se puido describir as características de cada mostra. Tamén se realizaron nalgúns mostras arqueolóxicas e xeolóxicas análises de Difracción e Fluorescencia de Raios X polas que poidemos relacionar as cuarcitas arqueolóxicas localizadas en Valverde coas mostras xeolóxicas recollidas.

Os resultados obtidos das diferentes análises realizadas permítenos establecer certas conclusións sobre o lugar de procedencia do material recollido no xacemento de Valverde. As posibles áreas de abastecemento do material estudado na Depresión de Monforte achegarán, á súa vez, novos datos sobre a actividade desenvolvida durante o Paleolítico Superior no Noroeste Peninsular.

O estudo da cuarcita de Valverde permitiunos establecer dous grandes grupos de cuarcita, ás que denominamos T-1 e T-2. As dúas amosan unha composición principal moi semellante, sendo o seixo o seu elemento principal, pero diferéncianse nos cambios sufridos no seu período de formación, conferíndolles unha composición textural e mineralóxica diferente.

A cuarcita arqueolóxica T-1, a máis abundante das localizadas en Valverde, presenta unha similitude clara coas mostras de cuarcitas das formacións xeolóxicas recollidas no monte de Costa Grande (GEO_A, B, C e J) (Figura 1): a análise macroscópica das mostras dun e doutro monte xa desvelaba dende un principio unha semellanza na cor, textura superficial e impurezas (de Lombera et al. 2008). A súa observación á lupa binocular permitiu aclarar con máis precisión a súa composición interna, na que as mostras T-1 e GEO_A amosaban unha granulometría moi fina, cun tipo de grao inapreciable, textura pouco rugosa e unha escamación escasa e orientada.

Cabe destacar que unha das mostras arqueolóxicas pertencentes ó grupo da T-1 presenta similitudes tanto coa mostra GEO-A (formación Cuarcita con Cruciana (O12)) coma coa mostra GEO_R (formación Cuarcita Armoricana (O12)). Isto débese a que, tralo estudo realizado coas mostras xeolóxicas recollidas apréciase unha grande semellanza entre as dúas formacións xeolóxicas mencionadas, aspecto ó cal xa outros tiñan aludido previamente (González et al., 1974), aínda que a ausencia de feldespatos potásico e o aspecto textural a achega máis á mostra GEO-A. A pesares de que os datos obtidos a nivel macroscópico e baixo a observación á lupa binocular amosan certas semellanzas entre as formacións, a nivel microscópico a mostra GEO_R presenta unha maior rugosidade e irregularidade na escamación que a mostra GEO_A, o que a diferencia da cuarcita Tipo 1.

Conclúese que se trata de dúas formacións similares afectadas de diferente modo pola composición mineralóxica e polo seu lugar de formación, o que modifica a súa estrutura final, de ahí que a nivel analítico aseméllense, pero a nivel macroscópico e baixo a lupa binocular se aprecie unha composición de menor calidade para a talla nas mostras GEO_R, é dicir na cuarcita Armoricana, que nas mostras de GEO_A (Cuarcita con Cruciana).

No caso da cuarcita arqueolóxica T-2, nem-bargantes, o estudo macroscópico indica a súa relación coas mostras xeolóxicas recollidas nos afloramentos do propio monte Valverde, uns cantos metros ladeira arriba do xacemento, pertencentes ás formacións de cuarcitas

con lousas (O11p). A análise coa lupa binocular amosa unha granulometría moi fina, pero cunha textura máis rugosa e irregular, presentando unha cor gris moi clara e unha escamación máis desorganizada e anómala. As análises de DRX e XRF corroboraron a similitude entre as mostras xeolóxicas e as arqueolóxicas, coincidindo coas análises realizadas á mostra arqueolóxica AR005 e á mostra xeolóxica GEO_D, xa que ambas, a diferenza das outras, non presentan Plaxioclasas na súa composición e comparten uns valores similares de Feldespatos.

A modo de conclusión, e sempre tendo en conta que se trata aquí dun estudio inicial que debe ser completado coa análise dun maior número de mostras (traballo que se atopa en curso), podemos plantexar as primeiras hipóteses sobre as estratexias de abastecemento presentes no xacemento de Valverde. Existen dúas áreas de abastecemento de materia prima: por unha banda os arredores da formación de Cuarcita de Cruciana localizada no monte de Costa Grande, na parroquia de A Vide; e por outra banda a propia cima do monte Valverde, sita a poucos metros do xacemento. Estes datos permítenos establecer un radio de acción entre o xacemento e as áreas de captación que vai dende os poucos metros (a T-2) ata uns 7 Km (a T-1) (Figura 1). Tamén podemos afirmar que a cuarcita máis empregada é a procedente de Costa Grande, amosando o interese da poboación de Valverde pola obtención de cuarcita de boa calidade axeitada ós seus requirimentos técnicos. A presenza de materiais líticos no entorno dos afloramentos, tamén adscritos ó Paleolítico superior (Costa Grande-III), permiten reafirmar a súa atribución a talleres de aprovisionamento lítico. A porcentaxe de cuarcita T-2 é menor, tratándose esta dunha cuarcita de peor calidade, pero máis próxima ó lugar de ocupación.

Outro dos estudos realizados sobre as cuarcitas de Valverde foi a análise traceolóxica dalgunhas das pezas arqueolóxicas sobre cuarcita con Cruciana recollidas no xacemento. O obxectivo era identificar trazas de uso que nos deran información sobre as características das marcas de uso neste material e, consecuentemente, sobre as actividades realizadas no xacemento. Decidiuse realizar unha experimentación sobre a cuarcita e non sobre outra

materia prima representada (sílex, seixo, etc.) por ser esta a máis abundante e sobre todo por ser coñecido o punto de abastecemento. Isto é moi importante porque nos permite realizar unha experimentación coa mesma variedade de cuarcita, o cal é fundamental para atinxir uns resultados fiables.

A variedade de cuarcita de Cruciana localizada en Valverde é de gran fino e presenta un mosaico equigranular de seixo con inclusións paralelas de moscovita (de Lombera *et al*, 2008, Rodríguez *et al*, 2008, Fábregas *et al*, 2009). Esta litoloxía presenta ademais unha superficie cuns gránulos ou areas altamente compactadas o que lle da unha gran resistencia para realizar todo tipo de actividades sen apenas ver afectada a súa capacidade de traballo.

Para a realización deste traballo seguíronse as pautas e metodoloxías iniciadas por Semenov (1981) e continuadas por Keeley (1980). Para a colección de referencia experimental realizouse un experimento consistente no procesado dunha ovella adulta empregando para tal fin pezas experimentais manufacturadas previamente por un grupo de estudantes da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela. Empregando estas pezas procedeuse ó despelexado, descuartizado e descarnado da ovella; ó corte e raspado de madeira e corte de oso seco e remollado, empregando para tal fin a cuarcita de Costa Grande para asegurar un comportamento das pezas experimentais igual

ao que soportaron as arqueolóxicas cando foron usadas (Gibaja *et al*, 2002, Plisson, 1986). A diversidade das cuarcitas, e a dificultade de análise en moitas das súas variedades levaron a seguir protocolos de observación lixeiramente diferentes aos do resto das materias primas, prestando máis atención ás deformacións nos gránulos de seixo, a aumentos de 400x, que permiten a observación individual de cada microseixo (Gibaja *et al*, 2008), polo que se facía necesaria unha análise das marcas producidas nesta materia prima tales como as descritas por Knutsson (1988).

As pezas foron limpadas, observadas ó microscopio óptico e comparadas coas posibles trazas de uso atopadas nas pezas arqueolóxicas para, de habelas, establecer correlacións entre ambas a fin de determinar a que actividade estivo destinada unha ou outra peza arqueolóxica. Os resultados desta análise permitíronnos localizar evidencias relacionadas coa cinemática só nalgúns das pezas estudadas, tanto arqueolóxicas como experimentais, polo que para poder confirmar estes resultados será preciso realizar novas experimentacións e análises que reforcen os datos obtidos con esta pequena mostra. Tal e como se ve na seguinte táboa, as trazas conservadas nas pezas arqueolóxicas son evidentes en dúas pezas, desbotando en tódolos casos as trazas que non podíamos contrastar como verdadeiras evidencias de uso e que poderían deberse a alteracións postdeposicionais (Táboa 2).

Táboa 2: Descrición das pezas experimentais e arqueolóxicas observadas ó microscopio.

ÚTIL	LONX	ANGULO GUME	ANGULO TRABALLO	TEMPO	FIO CONFIGURADO	MATERIAL TRABALLADO	CINEMÁTICA
ARQ. 1	64	Simple			si		Lonxitudinal
ARQ. 2	74	Simple			Non		
ARQ. 3	44	Simple			Non		Lonxitudinal
ARQ. 4	44	Simple			Non		
ARQ. 5	33	SA			Non		
ARQ. 6	47	Simple			Non		
ARQ. 7	58	Simple			Non		
ARQ. 8	48	Simple			Non		
ARQ. 9	54	SA			Si		
ARQ. 10	84	SA			Non		
EXP óso	68	Simple	alto	40'	Non	Óso	lonx. Bidireccional
EXP óso	44	Simple	alto	20'	Non	Óso	lonx. Bidireccional
EXP desc.	54	Simple	alto	27'	Non	Descarnado	Lonxitudinal
EXP desc.	31	Simple	alto	23'	Non	Descarnado	
EXP desc.	43	Simple	alto	19'	Non	Descarnado	Lonxitudinal
EXP mad	56	SA	baixo	20'	Non	Madeira	Transversal
EXP mad	59	Simple	alto	20'	Non	Madeira	Bidireccional




Figura 4: Fig. 4a. superficie de cristais de seixo onde se aprecian “pits” e certas estriacións de carácter natural.

Fig. 4b: EXP-óso (200x). Cristal de seixo de gran tamaño abrasionado, pódense observar as roturas na parte inferior, así como a abrasión de arredor de tódolos cristais de menor tamaño. A actividade realizada foi o corte de óso.

Fig. 4c EXP-mad (200x): Na zona superior pódense ver dous descunchados concoides, e a continuación un cristal en proceso de abrasión. A actividade realizada foi o corte de madeira.

Fig. 4d. ARQ-1 (200x): Cristal de gran formato no que se presentan estrías, descunchados e abrasión de forma paralela ao gume da peza, polo que a actividade realizada é de corte lonxitudinal.

Fig. 4e: ARQ-3 (200x): pódense observar estrías e formacións de pits colocados lonxitudinalmente, tamén se pode observar unha liña de abrasión e de fractura no borde do cristal e como esta liña indica novas roturas transversais ao gume, produto do arrastre de materia nas actividades lonxitudinais.

O feito de que a cuarcita sexa unha rocha de composición heteroxénea, complicou a obtención dunha caracterización totalmente fiable das trazas de uso, polo que se revisaron tanto nos útiles experimentais como nos arqueolóxicos as zonas usadas ou potencialmente usadas como as non usadas. As zonas non usadas están formadas por unha superficie de cristais de seixo (figura 4a), nos cales é posible atopar “pits” e certas estriacións de carácter natural, marcas ben diferenciadas das de uso. As diferenzas na granulometría das diferentes pezas estudadas, pese a ser da mesma variedade, leváronnos a distinguir dous tipos de abrasión diferentes sobre os microseixos, podendo estes desaparecer ou sufrir un proceso de fracturación ou desintegración parcial. As amplas zonas de abrasión localizadas en ámbalas caras do gume e a localización de descunchados, “pits” e estrías, sendo a disposición destas trazas, ou ben de forma paralela ao gume ou diagonais ao mesmo, en ningún

caso de forma perpendicular (indicadores dun uso transversal, relacionado, ás veces, con traballos de raspado) son factores que poderían indicar o uso lonxitudinal das pezas (actividades de corte, etc.) (Figura 4).

AS INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN COVA EIRÓS.

Durante o mes de agosto de 2010 desenrolouse a terceira campaña de escavación no xacemento arqueo-paleontolóxico de Cova Eirós (Triacastela, Lugo). Os obxectivos desta intervención seguiron a tónica iniciada en 2009, é dicir: por unha banda continuamos escavando o nivel 3 no sector que inicialmente correspondía á Cata A; e pola outra traballamos nos cadros ubicados entre a Cata A e a Cata B, abertos o pasado ano (Figura 5). Polo tanto, do mesmo xeito que durante a campaña de 2009, a escavación afectou a dúas superficies diferentes: a máis profunda correspondeu




Figura 5: Plano da entrada a Cova Eirós e superficie de escavación. As curvas de nivel refírense ó nivel 0 da escavación e teñen un intervalo de 50 centímetros.

á antiga Cata A (4 m²), onde foi identificado un novo nivel (nivel 4), mentres que o resto da superficie escavada (5,5 metros cadrados) correspóndese a niveis situados por encima do 3. Grazas á sondaxe xeofísica realizada no sector da entrada da cavidade, onde se desenrolan as actuais escavacións, sabemos que o recheo sedimentario acada os 3,4 m de potencia estratigráfica durante os 12 metros iniciais da galería. Tendo en conta que a superficie actual de escavación da Cata A, a máis avanzada, atópase a uns 110-120 cm baixo o chan actual estes datos permítennos albiscar o potencial deste xacemento xa que podería conter unha importante secuencia dende, cando menos, o Pleistoceno superior inicial.

Durante esta campaña foron recuperados 1549 restos, pertencentes ós niveis 1 a 4. A maioría dos restos inventariados en 2010 son artefactos líticos (n=835), anque tamén se recuperou

un elevado número de restos de fauna (n=602), a meirande parte deles moi fragmentados. A alta fragmentación dos restos óseos é un factor condicionante de cara á identificación de certos parámetros como o MNI, abundancia relativa de especies e idades dos individuos, xa que neste contexto a preservación dos restos de animais adultos e de maior formato vese favorecida sobre os individuos xoves ou especies de talla pequena.

O nivel que proporcionou máis material foi o 4, con 961 efectivos, seguido polo 2, con 530 restos.

Nivel 1

Neste nivel, maiormente escavado durante a campaña pasada, foron inventariados 43 restos, 26 dos cales son ferramentas líticas e 15 restos de fauna. A industria lítica foi tallada utilizando fundamentalmente seixo (n=18), anque tamén recuperáronse ferramentas en cristal de rocha (n=5), sílex (n=2) e cuarcita (n=1). O promedio do tamaño de tódolos obxectos recuperados neste nivel é de 24 x 18 x 10 mm. Non obstante, destaca polo seu tamaño unha BN1XE (núcleo sobre canto) de cuarcita, con 81 x 69 x 49 mm, con extraccións masivas ó longo dunha parte do seu perímetro. Tamén recuperáronse algúns obxectos de cristal de rocha retocados, entre os cales hai unha pequena lámina de dorso. A produción laminar está claramente testemuñada tamén pola existencia doutra lámina de cristal de roca, elementos reiterativos con respecto á tónica do ano anterior.

A maioría da fauna recuperada neste nivel procede do cadro E23, con 12 restos entre os que se inclúe unha costela de micromamífero e un sesamoideo de úrsido.

Nivel 2

Durante a campaña de 2010 proporcionou 530 restos, co predominio dos faunísticos (n=268) sobre os líticos (n=246). Ademais localizáronse 14 carbóns.

Entre a industria lítica predomina claramente o seixo como materia prima, con 223 efectivos que supoñen o 90,6% de todo o material lítico deste nivel. Tamén foi utilizada a cuarcita (4,5%), cristal de rocha (1,2%) e o sílex

(0,4%). A maioría dos restos líticos son produtos de talla de pequeno formato. O tamaño promedio da industria é de 23 x 15 x 8 mm.

Os cadros que proporcionaron máis fauna son F21 e F22. En F21 foron recuperados 76 restos, dos cales 4 eran pezas dentais. Destas últimas, 2 eran da dentición decidua de *Ursus spelaeus*, quizais de exemplares novos dos que as nais realizaban a hibernación nesa cova. As outras dúas pezas dentais corresponden a un corzo e a un membro da subfamilia Caprinae de pequeno tamaño. En canto ós restos óseos identificables, inclúen un primeiro metatarsiano de úrsido con marcas de carnívoros. A súa identificación é dubidosa, e podería pertencer a un exemplar de pequeno tamaño de *Ursus spelaeus*. Outros fragmentos con características identificables inclúen un fragmento de asta de cérvido e o astrágalo dun artiodáctilo de pequena talla. En F22 localizáronse 74 restos, entre os que cabe mencionar 2 caninos deciduais de *Ursus spelaeus* e un premolar superior de *Capreolus capreolus*, así como un fragmento de cabezo-trapezoidal dun pequeno artiodáctilo. O máis salientable é un fragmento de dente dun herbívoro de gran tamaño, con toda probabilidade un animal da familia Rhinocerotidae.

En F23 foron recuperados 49 restos de fauna, entre os que destaca un sesamoideo de úrsido e unha terceira falanxe de *Ursus spelaeus*. En E22 recolléronse 37 restos. Ó igual que en F21, foi recuperada unha peza da dentición decidua de *Ursus spelaeus*, un molar corzo e un fragmento de asta dun cérvido de gran tamaño, similar ós de Liñares Sur. Entre os 25 restos do cadro E23 inclúense unha escápula dun pequeno ungulado, 1 fragmento de dente de carnívoro e un terceiro premolar inferior dun ungulado. Por último, no cadro E21 localizáronse 7 restos de fauna, 6 deles pertencentes a pezas óseas e un fragmento de dente, que a xulgar polo grosor e características do esmalte, pertencía a un ungulado.

Nivel 4

Nos cadros correspondentes á antiga Cata A (E24, E25, F24 y F25) foi identificado un novo nivel, o nivel 4. Este nivel ten a mesma matriz que o nivel 3 (situado xusto por enriba), anque a arxila semella moito máis carbo-

natada, e documéntase unha maior presenza de clastos calizos subangulosos de pequeno tamaño. A potencia deste nivel é descoñecida xa que a súa escavación non se completou durante esta campaña.

Durante a campaña de 2010 foron recuperados 961 restos arqueolóxicos. O estudo destes materiais está en curso actualmente. A maior parte das 566 ferramentas líticas procedentes deste nivel foron talladas utilizando seixo (90,1%). Os artefactos de cuarcita suman un 9,7%. Os datos preliminares indican un predominio dos produtos de talla, de maneira que as lascas e os fragmentos de lasca suman o 72,8%, mentres que os fragmentos son o 23,6%. Ata a data só temos localizado un fragmento de núcleo e as lascas retocadas son moi escasas (1%). Por outra banda, neste nivel temos identificado diversos percutores (2,4%), todos eles de cuarcita (Figura 6).

O promedio do tamaño dos obxectos líticos do nivel 4 é de 23x16x8 mm, polo tanto podemos catalogar esta industria como de pequeno formato. Entre as lascas hai un 12% de talóns bifacetados e multifacetados, que indican certa preparación dos núcleos de cara á obtención dos produtos. O 89% das lascas son non corticais e só o 4,3% ten a cara dorsal completamente cortical. Tal como ocorre noutros niveis arqueolóxicos de Cova Eirós, o escaso número de núcleos e lascas retocadas así coma a escasa corticalidade das pezas indican que no nivel 4 non están representadas todas as fases da cadea operativa.

Con respecto á fauna foron inventariados 309 restos. Entre eles hai 295 ósos e 14 dentes. A maioría dos restos óseos están moi fragmentados, o que dificulta a súa identificación taxonómica. Na cuadrícula E24 cabe salientar o achado de 2 pezas dentais de *Ursus spelaeus*, 1 incisivo de *Cervus elaphus*, un óso largo de micromamífero e un metacarpo dun exemplar da familia Caprinae. En E25 destaca o descubrimento dun incisivo de *Ursus spelaeus* xunto con varios fragmentos óseos e un dente dun herbívoro de gran talla.

Resulta interesante salientar que o 4,2% dos restos de fauna do nivel 4 están queimados (n=13), coherente co alto número de carbóns




Figura 6: Industria lítica do Nivel 4 de Cova Eirós.

localizados neste mesmo nivel (n=80), moi superior ó resto de niveis de Cova Eirós.

Despois de tres campañas de escavación en Cova Eirós recuperáronse máis de 4.000 restos arqueolóxicos pertencentes a 6 niveis. O material inclúe 2466 obxectos líticos, 1357 restos de fauna e 135 carbóns (Táboa 3). A presenza de carbóns é particularmente interesante, dado que ademais apareceron numerosos restos óseos queimados e obxectos líticos con signos de alteración térmica.

Probablemente a aportación máis interesante desta campaña é a identificación do nivel 4, cunha presenza significativa de carbóns. Por outra banda, os materiais recuperados durante 2010 confirman a adscripción dos niveis 1 e 2 ó Modo 4, mentres que o nivel 3 e o nivel 4 se encadrarían no Modo 3 (Táboa 4).

Escavacións nas cavidades de Valdavara (Becerreá).

Durante o ano 2010 continuaron as intervencións arqueolóxicas no Concello de Becerreá. Estas intervencións, que comezaron en 2007 na Cova de Valdavara, permitiron documentar un complexo conxunto arqueolóxico no que se rexistran evidencias correspondentes a distintos períodos da Prehistoria, desde o Paleolítico Superior ata a Idade do Bronce (Fábregas et al., 2008, 2009 e 2010; Lombera et al., 2008; Vaquero et al., 2008 e 2009). Durante os traballos do ano 2010 continuouse traballando na Cova de Valdavara, pero a principal novidade foi o inicio das intervencións nunha nova localización arqueolóxica, á que denominamos Valdavara 3 e que proporcionou un rexistro arqueolóxico moi diferente ó identificado nas cavidades de Valdavara 1 e 2.

Cova de Valdavara

As intervencións realizadas neste xacemento durante esta campaña foron unha continuación das emprendidas anteriormente, nas que se diferenciaron tres localizacións arqueolóxicas: a cavidade principal (Valdavara 1), unha pequena fisura situada uns metros por baixo da anterior (Valdavara 2) e a vertente que as conecta (Valdavara 1-2). As intervencións nestas localizacións non proporcionaron novidades significativas con respecto ao xa publicado, polo que nos limitaremos a facer unha breve descrición das actuacións levadas a cabo en cada unha destas.

En *Valdavara 1* continuamos coa escavación da segunda sondaxe aberta na parte máis interna da cavidade durante a campaña de 2009. A secuencia estratigráfica que estamos documentando é similar á observada na primeira sondaxe escavada en 2007 e 2008. Unha vez finalizada en 2009 a escavación dos niveis holocenos, a campaña de 2010 centrouse na parte superior da secuencia pleistocena (nivel 4). Polo momento, a densidade de restos é relativamente baixa, pero recuperáronse algúns artefactos diagnósticos dos tecnocomplexos do Paleolítico superior.

A escavación do sector externo do xacemento, *Valdavara 1-2*, iniciouse en 2008. A secuencia estratigráfica é diferente á descrita en *Valdavara 1*, destacando a presenza dun nivel mesolítico (nivel C), que proporcionou unhas datas ao redor dos 10 ka cal BP, a única evidencia dun nivel do Mesolítico Macrolítico que polo de agora temos no noso territorio (Fábregas et al., 2010). A campaña de 2010 dedicouse á escavación do nivel inmediatamente subxacente (nivel D). De momento non dispomos de datos cronolóxicos para este nivel e as características do conxunto arqueolóxico son pouco diagnósticas dende o punto de vista cronocultural. A industria lítica caracterízase por unha porcentaxe elevada de restos de seixo, pero se atoparon tamén algúns artefactos en sílex e industria en óso típicos dos conxuntos do Paleolítico superior.

En *Valdavara 2* a campaña do pasado ano supuxo a finalización das intervencións arqueolóxicas nesta localización. Os traballos iniciados en 2007 deron a coñecer unha secuencia estratigráfica na que destaca a presenza dun depósito con enterramentos infantís da Idade do Bronce. Os niveis subxacentes, de cronoloxía pleistocena, proporcionaron soamente

Táboa 3: Materiais recuperados en Cova Eirós durante as campañas de 2008, 2009 e 2010.

	Nivel B		Nivel 1		Nivel 2		Nivel 3		Nivel 4		Nivel C		Total
Lítica	128	97,0%	371	67,2%	350	46%	702	61,3%	566	58,9%	349	70,7%	2466
Fauna	2	1,5%	135	24,4%	380	49,9%	395	34,5%	309	32,1%	136	27,5%	1357
Carbón	1	0,8%	9	1,6%	15	2%	27	2,3%	80	8,3%	3	0,6%	135
Outros		0	35	6,3%	15	2%	15	1,3%	6	0,6%	5	1%	76
Malacofauna		0	1	0,2%			5	0,4%					6
TOTAL	132	3,3%	552	13,6%	761	18,8%	1145	28,3%	961	23,8%	494	12,2%	4045

Táboa 4: Materiais recuperados en Cova Eirós durante a campaña de 2010.

	Nivel 1		Nivel 2		Nivel 3		Nivel 3		Nivel 4		Total
Industria lítica	26	60,5%	246	46,4%	3	23,1%	566	58,9%	2	100,0%	843
Fauna	15	34,9%	268	50,6%	10	76,9%	309	32,2%			602
Carbón			14	2,6%			80	8,3%			94
Outros	2	4,7%	2	0,4%			6	0,6%			10
TOTAL	43	2,8%	530	34,2%	13	0,8%	961	62,0%	2	0,1%	1549

restos faunísticos, sen que se detectara ata o momento ningunha evidencia de actividade humana. Na campaña de 2010 rematou a escavación destes niveis paleontolóxicos, alcanzándose o substrato calcario.

Valdavara 3

Durante a campaña de escavacións arqueolóxicas na Cova de Valdavara, que tivo lugar entre os días 1 e 31 de xullo de 2009, un veciño da

parroquia de Horta comunicounos que na canteira que a empresa Canteira do Penedo S.A. (CANPESA) ten en Becerreá (canteira “Pena Lavada”), descubrírase unha cavidade como consecuencia dunha voadura. Unha inspección ocular permitiunos comprobar que, en efecto, nunha das fronteiras da canteira apreciábase en sección un potente recheo sedimentario ao pé do cal podían observarse algúns restos de fauna. Este feito foi posto en coñecemento da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de



Figura 7: Restos de fauna atopados fóra de contexto estratigráfico en Valdavara 3 durante a campaña de xullo de 2009.

Galicia, a cal autorizou unha intervención arqueolóxica, que se levou a cabo entre os días 28 e 31 de xullo. O xacemento atópase a tan só 400 m da Cova de Valdavara, na parte superior da mesma vertente, a 672 m de altitude. A cova posta ao descuberto pola voadura ábrese na formación de calcarias do Cámbrico Inferior coñecidas co nome de “Calcarias de Vega-deo”. É a mesma formación na que se atopa a Cova de Valdavara.

O obxectivo da intervención de xullo de 2009 foi recoller os restos desprendidos do corte. Esta intervención proporcionou un rico conxunto faunístico, formado por máis de 500 restos (Figura 7 e 8). A falta dun estudio máis detallado da macrofauna, o primeiro que destaca é a gran diversidade de especies, con presenza tanto de carnívoros como de herbívoros. Entre os primeiros documentáronse restos de oso e de hiena, mentres que entre as especies de herbívoros parece clara a presenza do cabalo, o rinoceronte, os cérvidos e os grandes bóvidos. As partes anatómicas representadas tamén son moi diversas, documentándose elementos tanto do esqueleto cranial como do post-cranial. O resultado máis significativo da intervención foi o achado de varias pezas de industria lítica que certifican a presenza humana no xacemento. Aínda que o número de artefactos é reducido en comparación co volume de restos faunísticos, mostran claramente as características propias dos obxectos derivados das actividades de talla. Trátase dunha decena de lascas en seixo, cuarcita e arenisca, en xeral de tamaño medio-grande (Figura 9). Non se documentou ningún núcleo nin artefacto retocado. Aínda que o conxunto non permite facer inferencias de tipo tecnolóxico, responde ben ao tipo de artefactos habituais en xacementos que rexistran unha ocupación humana esporádica.

En outubro de 2009 realizouse a segunda intervención arqueolóxica coa finalidade de estudar o corte estratigráfico. Estes traballos permitiron comprobar que a cavidade da que procedían os restos era un conducto vertical aberto pola parte superior, cuns 4-5 m de anchura máxima e unha altura observada duns 16 m (Figura 10). O estudio do corte estratigráfico permitiu identificar varias unidades con contido paleontolóxico na parte superior da sección. Polo momento, a parte inferior da secuencia

móstrase estéril desde o punto de vista paleontolóxico. Por outra banda, estes primeiros datos indicaban que tratábase dun depósito cárstico de considerable complexidade, no que pode diferenciarse unha primeira fase de sedimentación, seguida dun importante episodio erosivo e dunha segunda fase de sedimentación, á que corresponden os niveis fosilíferos.

Tendo en conta os datos preliminares que acabamos de expor, a intervención de xuño de 2010 centrouse na escavación en superficie do depósito cos seguintes obxectivos: a) determinar a extensión en planta do depósito conservado; b) confirmar os datos obtidos na campaña de outubro de 2009 no que respecta ao número e características das unidades arqueopaleontolóxicas incluídas na secuencia; c) obter novas mostras para realizar análises cronolóxicas e paleoambientais; e d) confirmar a asociación estratigráfica entre os restos de fauna e os artefactos líticos.

En primeiro lugar, delimitouse a extensión en planta do depósito arqueopaleontolóxico, así como a morfoloxía da cavidade. Este era o obxectivo principal da intervención e dedicámoslle a maior parte da campaña. Comprobamos que se trata dunha cavidade de desenvolvemento lineal, duns 12 m de lonxitude conservada na súa parte superior e orientada NE-SW. Na súa maior parte, o recheo desta cavidade está constituído por formacións estalagmíticas de gran desenvolvemento vertical. Soamente na parte máis próxima ao corte da canteira, nun área duns 3,5 x 3 m de dimensións máximas, consérvase o depósito que contén os niveis arqueopaleontolóxicos.

Da secuencia que contén os niveis fosilíferos só se puido escavar a parte superior, na que se inclúe un nivel arqueopaleontolóxico situado entre dúas capas estalagmíticas. Era unha camada duns 50 cm de potencia máxima, formada por bloques nunha matriz arxilosa moi plástica. A principal característica deste nivel é a gran abundancia de restos de fauna. Aínda que o estudio taxonómico destes restos está pendente de realización, unha valoración preliminar suxire que o espectro faunístico é similar ó documentado na recollida de material en posición secundaria efectuada en xullo de 2009. A escavación do nivel viuse dificultada pola gran fragilidade que presentaban os res-




Figura 8: Restos dentais atopados no derrubo de 2009. a) Bóvidos. b) Hiena. c) Équido.

tos óseos, o que retardou considerablemente os traballos de escavación e obrigou a consolidar no campo boa parte dos restos.

Sen dúbida, unha das conclusións máis relevantes da nosa última intervención é a confirmación de que o conxunto faunístico está asociado estratigráficamente a unha serie de artefactos líticos, o que corrobora a presenza humana durante o período de formación do nivel. Aínda que escaso, o conxunto lítico non

ofrece dúbidas en canto ao seu carácter antrópico: seis artefactos, tres núcleos e tres lascas. As materias primas representadas son a cuarcita, o seixo, a calcaria e a arenisca. Destaca en particular un núcleo de cuarcita de grandes dimensións (117 x 78 x 50 mm.) que presenta unha superficie de talla preferente cunha disposición centrípeta dos levantamentos. Coa cautela que esixe o escaso número de artefactos co que estamos traballando, as caracterís-

ticas técnicas e volumétricas deste conxunto son similares ás do recuperado fóra de contexto estratigráfico en xullo de 2009.

Os datos obtidos na campaña de 2010 permiten facer unha valoración da potencialidade arqueolóxica de Valdavara 3 e a conveniencia de levar a cabo novas intervencións no futuro. A pesar de non poder completar a secuencia, a superficie conservada permite descartar a necesidade de levar a cabo unha intervención arqueolóxica a longo prazo. A secuencia fértil localízase soamente no sector limítrofe co corte da canteira, o que supón unha superficie de intervención máxima duns 9 m². En calquera

caso, as características do xacemento xustifican prolongar as intervencións ata a escavación da totalidade do depósito. A intervención do verán de 2010 confirmou plenamente o interese científico de Valdavara 3, tanto dende o punto de vista paleontolóxico, coa riqueza do xacemento en restos de fauna e a súa gran diversidade taxonómica, como arqueolóxico xa que o achado de restos líticos *in situ* confirma a presenza humana no xacemento e a asociación estratigráfica co conxunto faunístico. Á espera de que se poida verificar a cronoloxía do depósito, estas características fan de Valdavara 3 un xacemento excepcional no panorama da arqueoloxía galega.




Figura 9: Industria lítica atopado no derrubo de 2009. a-c) Lascas en cuarcita. d) Lasca en seixo.

CONCLUSIÓNS.

Os resultados acadados durante os últimos anos nas intervencións dos xacementos da cunca media do Miño están a amosar a importancia do poboamento paleolítico desta área, inédita para a investigación ata momentos recentes. Se ben os traballos de prospección remataron no 2010, as importantes secuencias estratigráficas identificadas nas cavidades de Valdavara e Cova Eirós están a ofrecer interesantes datos sobre as ocupacións humanas dos momentos finais do Pleistoceno medio e Pleistoceno superior. As datacións obtidas ata o momento, as analíticas e estudos desenvolvidos nestes xacementos axudan a completar a visión sobre os modos de vida, tecnoloxía e paleoambiente das comunidades de cazadores recolectores do NW peninsular.

Os traballos desenvolvidos na Depresión de Monforte de Lemos aportan grande información sobre a tecnoloxía e os patróns de asen-

tamento destas comunidades: o estudo do poboamento dunha área xeográfica concreta como é a depresión monfortina permite aprofundar nos patróns de asentamento e na mobilidade dos homínidos. Este poboamento non debemos estudalo de maneira illada senón en relación á alta mobilidade destas comunidades que poboaron o interior galego e vinculado ás ocupacións nas cavidades cársticas da parte oriental e os vales fluviais, depresións do interior e costa galegos (Ourense, Val do Arenteiro, Louro, Baixo Miño, etc.). Áreas todas elas con evidencias que se remontan ó Pleistoceno medio e comunicadas nunha rede de vales, ríos e pasos que posibilitan a mobilidade tanto estacional como residencial. Deste xeito, a relación dos asentamentos cos cursos fluviais así como as estratexias de abastecemento testemuñadas na bacia monfortina pódense extrapolar a outros contextos coñecidos do NW.



Figura 10: Vista xeral de Valdavara 3. No corte da canteira pódese apreciar o recheo sedimentario de 16 m de potencia.

Pola outra banda, os asentamentos en cova están a aportar moita información sobre o Pleistoceno superior: A secuencia de Cova Eirós é un bo reflexo das tendencias documentadas noutros xacementos ó aire libre do Paleolítico medio e Paleolítico superior, tanto na evolución tecnolóxica coma, especialmente, na adaptación das estratexias de abastecemento de carácter local ou semilocal para facer fronte ás esixencias técnicas. Doutra banda, a conservación de restos orgánicos axúdanos a coñecer as actividades desenvolvidas nos asentamentos e os tipos de ocupación das cavidades. No caso dos niveis do Paleolítico medio, as ocupacións semellan ser máis intensas cunha maior densidade de materiais, a maioría deles de procedencia local e inmediata, mentres que nos niveis do Paleolítico superior a densidade é menor incidindo no carácter máis puntual e curto das ocupacións e na maior mobilidade destas comunidades.

Finalmente, as cavidades de Valdavara evidencian ocupacións domésticas dende o Tardiglaciario ata os momentos iniciais do Holoceno. A descuberta de novos niveis no sector de Valdavara 1/2 demostra a diacronía de ocupacións que se sucederon no xacemento. Pero o achado máis significativo da campaña tivo lugar en Valdavara 3, que amosa a variedade de tipos de ocupacións que se poden atopar nas cavidades cársticas galegas. O espectro faunístico recuperado, aínda en estudo, é dos máis importantes do NW, especialmente ó que se refire ós carnívoros. Á espera de datacións absolutas, a microfauna recuperada indica unha cronoloxía de finais do Pleistoceno medio ou inicios do Pleistoceno superior o que ofrece unha maior antigüidade que no rexistro de Valdavara 1 e, mesmo, que os niveis máis antigos de Cova Eirós. A presenza de industrias líticas tanto entre o derrubo coma en posición estratigráfica fálannos dun tipo de ocupación esporádica dunha cavidade usada principalmente como cubil por parte doutros animais. Contexto semellante ó documentado noutros xacementos do Pleistoceno superior peninsular coma a Cova del Rinoceront (Barcelona), ou Teixoneres (Daura, *et al.* 2005, 2010; Rosell *et al.*, 2010).

AGRADECEMENTOS

Os traballos arqueolóxicos vinculados ó proxecto de investigación foron levados a cabo grazas ó apoio do Ministerio de Educación e Ciencia (HUM2007-63662 HAR2010-21786) e dos concellos de Triacastela, Becerreá, Monforte de Lemos e o Centro de Formación e Experimentación da cidade monfortina. As escavacións en Valdavara 3 contaron co apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e do Concello de Becerreá. O estudo traceolóxico das pezas de Valverde foi realizado por J.F.M. Así mesmo, agradecer á persoas que colaboraron nos traballos, especialmente ós alumnos de prehistoria e as empresas Cosmos e CANPESA S.A. por todas as facilidades dadas nas intervencións. A.L. é bolseiro da Cátedra Atapuerca.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

- AUBRY, T. (1998). "Olga Grande 4: uma sequência do Paleolítico superior no planalto entre o Rio Côa e a Ribeira de Aguiar." *Revista Portuguesa de Arqueologia* 1(1): 5-26.
- BAENA, J. (1992). *Talleres Paleolíticos en el curso final del río Manzanares*. Madrid, Departamento de Prehistoria y Arqueología. Universidad Autónoma de Madrid.
- CLEMENTE CONTE, I.; GIBAJA BAO J. F. (2009): Formation of use-wear traces in non-flint rocks: the case of quartzite and rhyolite – differences and similarities, en Sternke, Eigeland, Costa (Eds.): *Non-flint raw material use in prehistory. Old prejudices and new directions*. BAR international series 1939: 93-98
- DAURA, J.; SANZ, M; ROSELL, J; JULIÀ, R. (2010): "Un cubil de carnívoros del Pleistoceno medio y superior con escasa presencia humana: la Cova del Rinoceront (Castelldefels, Barcelona)." En: En: Baquedano. E., Rosell, J. (eds). *Actas de la 1ª reunión de científicos sobre cubiles de hiena (y otros grandes carnívoros) en los yacimientos arqueológicos de la Península Ibérica. Zona Arqueológica* 13: 495-499.

- DAURA, J., SANZ, M., VAQUERO, M. (2005): "El Pleistoceno de la Cova del Rinoceront (Castelldefels, Barcelona)." En: Ferreira-Bicho, N. (Ed.): *O Paleolítico. Actas do IV Congreso de Arqueologia Peninsular* (Setembre 2004, Faro). *Promontoria Monográfica*, 02: 217-227.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. e A. DE LOMBERA HERMIDA (2010). "El Paleolítico superior en Galicia a la luz de las últimas investigaciones". En: X. Mangado (Ed) *Paleolítico superior peninsular. Novedades del siglo XXI. Homenaje al Profesor Javier Fortea*. Monografies SERP. Universitat de Barcelona. Barcelona, 8: 255-270.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. A. PEÑA ALONSO, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN e M. TERRADILLOS BERNAL (2007). "Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas." *Gallaecia* 26: 7-33.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. TERRADILLOS BERNAL, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2008). "Aportacións ó estudo da Prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ó aire libre." *Gallaecia* 27: 63-88.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA, A. GRANDAL D'ANGLADE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, M. PÉREZ RAMA, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. R. SERNA GONZÁLEZ, M. TERRADILLOS BERNAL e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2009). "Novos resultados das intervencións arqueolóxicas no sur lucense. Os xacementos paleolíticos da Depresión de Monforte (Monforte de Lemos), Cova Eirós (Triacastela) e Valdavara (Becerreá)." *Gallaecia* 28: 9-32.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, A. GRANDAL D'ANGLADE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, M. PÉREZ RAMA, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2010). "Completoando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego." *Gallaecia* 29: 5-28.
- GIBAJA BAO, J. F.; CLEMENTE CONTE, I.; CARVALHO, A. F. (2008): The use of quartzite tools in the early neolithic in Portugal: examples from the limestone massif of extremadura. Workshop Lisboa 2008. (<http://workshop-traceologia-lisboa2008.com/pt/comunicacoes2.htm> Acceso: 08/06/2010)
- GIBAJA BAO, J. F.; CLEMENTE CONTE, I.; MIR, A. (2002): "Análisis funcional en instrumentos de cuarcita: el yacimiento del paleolítico superior de la Cueva de la Fuente del Trucho (Colungo, Huesca)", en Clemente Conte, I.; Risch, R.; Gibaja Bao, J. F. (Eds.): *Análisis funcional: su aplicación al estudio de sociedades prehistóricas*. BAR Internacional Series 1073: pp. 163-172
- GONZÁLEZ, J.; J. R. MARTÍNEZ y M. IGLESIAS (1974): *Mapa geológico de España. escala 1:50.000, n.º: 155 (Chantada)*. IGME. Madrid.
- KEELEY, L. H. (1980): *Experimental determination of stone tool uses: a Micro-wear Analysis*. University of Chicago Press. Chicago.
- KNUTSSON, K. (1988): *Patterns of tool use. Scanning electron microscopy of experimental quartz tools*. Societas Archaeologica Upsaliensis. Upsala.
- DE LOMBERA HERMIDA, A., M. VAQUERO RODRÍGUEZ, S. ALONSO FERNÁNDEZ, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ e R. FÁBREGAS VALCARCE (2008). "A cunca media no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular". En: E. Méndez Quintas. *Homenaxe a Xose María Álvarez Blázquez (2). Estudos*

sobre *Paleolítico*. Instituto de Estudos Miñoranos. Gondomar: 321-346.

LÓPEZ CORDEIRO, M. M. (2002). "Ocupación de espacios graníticos en la Sierra de Xistral: El área arqueológica de Nordés (Valadouro, Lugo)." *Gallaecia* 21: 61-86.

PLISSON, H. (1986). "Analyse des polis d'utilisation sur le quartzite". *Early Man News* 9/10/11: 47-49

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X. P., R. FÁBREGAS VALCARCE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, J. A. PEÑA ALONSO, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. TERRADILLOS BERNAL, A. AMEIJENDA e E. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ (2008). "Nuevos yacimientos paleolíticos en la Depresión de Monforte de Lemos (Lugo, Galicia, España)." *Revista Cuaternario y Geomorfología* 22(3-4): 71-92.

ROSELL ARDÈVOL, J., R. BLASCO, F. RIVALS, G. CHACÓN, M. MENÉNDEZ, J. I. MORALES, A. RODRÍGUEZ-HIDALGO, A. CEBRIÁ, E. CARBONELL e D. SERRAT (2010). "A stop along the way: the role of Neanderthal groups at Level III of Teixoneres cave (Moià, Barcelona, Spain)." *Quaternaire* 21(2): 139-154.

SANTANACH PRAT, P. (1994). "Las Cuenas Terciarias gallegas en la terminación occidental de los relieves pirenaicos." *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 19: 57-71.

SANTONJA GÓMEZ, M. (1996). "La adaptación al medio en el Paleolítico Inferior de

la Península Ibérica: elementos para una reflexión". En: A. Moure Romanillo. *Elefantes, ciervos y ovicaprinos: economía y aprovechamiento del medio en la Prehistoria de España y Portugal*. Universidad de Cantabria, Servicio de Publicaciones. Santander: 37-76.

SANTONJA GÓMEZ, M. e A. PÉREZ-GONZÁLEZ (2000-2001). "El Paleolítico inferior en el interior de la Península Ibérica. Un punto de vista desde la Geoarqueología." *Zephyrus* 53-54: 15-26.

SEMENOV, S. A. (1981): *Tecnología prehistórica*, Madrid.

VAQUERO RODRÍGUEZ, M., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, G. GÓMEZ MERINO, A. DE LOMBERA HERMIDA, C. LORENZO MERINO e C. RODRÍGUEZ RELLÁN (2008). "Nuevos datos sobre el Paleolítico Superior en Galicia: la cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo)". En: E. Ramil Rego. *1 Congreso Internacional de Arqueología de Vilalba. Férvedes*. Vilalba, 5: 137-141.

VAQUERO RODRÍGUEZ, M., S. ALONSO FERNÁNDEZ, C. A. FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, H. BLAIN, R. FÁBREGAS VALCARCE, G. GÓMEZ MERINO, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. M. LÓPEZ-GARCÍA, C. LORENZO MERINO, M. LOZANO, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, J. ROSELL ARDÈVOL e M. R. SERNA GONZÁLEZ (2009). "Nuevas dataciones radiométricas para el Paleolítico Superior en Galicia: La cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo)." *Trabajos de Prehistoria* 66(1): 99-113.